

## **INSTRUCCIÓN 1/2012 DA XERENCIA POLA QUE SE MODIFICA A RESOLUCIÓN DE 23 DE NOVIEMBRE DE 2006 QUE REGULA A XORNADA, HORARIO DE TRABALLO, VACACIÓNS E CONCESIÓN DE PERMISOS E LICENZAS DO PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA.**

---

O apartado Quinto da Resolución de 23 de novembro de 2006 da Xerencia fai referencia ao réxime de vacacións anuais do PAS desta Universidade, sinalando o seu parágrafo cuarto que as vacacións anuais disfrutaranse, con carácter xeral, entre os meses de xuño e setembro e de xeito preferente durante o mes de agosto. Dispónse a continuación que os Decanos, Directores ou Xefes dos centros ou servizos respectivos comunicarán á Xerencia durante o mes de maio de cada ano, e en todo caso con dous meses de antelación ao seu disfrute, a distribución das vacacións do persoal correspondente.

Finalmente, establécese que os centros permanecerán pechados pola tarde durante o mes de agosto, con excepción daqueles que teñan instalacións que contén con horarios extraordinarios de atención aos usuarios durante este mes, e que virán determinados pola Xerencia, antes do mes de maio e tras a comunicación aos órganos de representación dos traballadores.

As anteriores disposicións son resultado de considerar, con carácter xeral, o mes de agosto como período de ano académico con menor esixencia de funcionamento dos centros e servizos universitarios, máxime tendo en conta que coa implantación do EEES tanto o mes de xullo coma o de setembro hai actividade académica, o que esixe tratar de concentrar no mes de agosto a meirande parte do descanso vacacional do PAS, de xeito que durante o resto do ano os centros e servizos da UDC dispoñan dun mellor apoio por parte deste persoal, e polo tanto, poidan prestar un servizo de maior calidade.

Para isto, resulta necesario ampliar o período de peche xeral das instalacións, centros e servizos da UDC durante parte do mes de agosto, o que ademais redundará na redución dos custos de mantemento e funcionamento dos centros e servizos universitarios, agás aqueles que teñan a consideración de servizo necesario.

Polo exposto, cómpre modificar a Resolución da Xerencia do 23 de novembro de 2006, introducindo ao final do apartado Quinto o seguinte derradeiro parágrafo:

*“En todo caso, todo o persoal disfrutará necesariamente de vacacións ou dos días de asuntos particulares que lle corresponda durante as dúas primeiras semanas completas do mes de agosto, nas que os centros, servizos e instalacións permanecerán pechados durante todo o día, agás o persoal preciso para atender os seguintes servizos necesarios durante a súa xornada ordinaria no dito período:*

- *Rexistro xeral na sede da Reitoría.*
- *Rexistro do Campus de Ferrol.*
- *Secretaría da Reitoría ou, no seu caso, da Vicerreitoría que corresponda.*
- *Un técnico informático de Rede e outro de Sistemas*
- *Aula de estudio no CUR e no Xoana Capdevielle no Campus da Coruña.*
- *Aula de estudio no edificio de Apoio ao Estudio no Campus de Ferrol*

*No caso de persoal que por motivos da realización de traballos de investigación experimental que requiran atención continuada, necesite acceder ao seu centro de traballo, deberá solicitar autorización á Xerencia”*

Con carácter transitorio, para este ano 2012, o persoal que xa disfrutase un número de días hábiles de vacacións que non lle permita disfrutar total ou parcialmente, por este concepto, o necesario descanso durante as dúas primeiras semanas completas de agosto (do 6 ao 19), disfrutará os días de asuntos particulares necesarios para facer efectivo o sinalado descanso, podendo, para estes efectos, unir estes días aos de vacacións restantes.

A Coruña, de abril de 2012.

O xerente,

Juan M. Díaz Villoslada.